

Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 134, do 17.4.1991.

Emendas, BOPG núm. 147, do 23.5.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 75, do 26.6.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 175, do 10.9.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 199, do 26.10.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 199, do 26.10.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 87, do 5.11.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núms. 210, do 15.11.1991, e 214, do 28.11.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 241, do 13.12.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 3, do 3.1.1992.

Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

1

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 156 da Constitución, goza de autonomía financeira para o desenvolvemento e a execución das súas competencias. O Estatuto de autonomía, no seu artigo 44, establece entre outros recursos o rendemento das súas propias taxas por aproveitamentos especiais e pola prestación de servizos directos da Comunidade Autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais.

Conforme á nova redacción do artigo 4.1 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (Lei orgánica 1/1989, do 13 de abril), constitúen recursos das ditas comunidades as súas propias taxas, considerándose como tales tanto as establecidas pola Comunidade Autónoma coma as transferidas a esta polo Estado ou polas corporacións locais como consecuencia do traspaso de funcións, así como os seus propios prezos públicos.

O carácter de propios que a estes recursos lles atribúe a referida lei orgánica determina a competencia

exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento e a regulación dos mesmos.

2

As deficiencias tradicionais da estrutura financeira da Facenda central acompañaron ás transferencias de servizos á Comunidade Autónoma de Galicia. Os ingresos por prezos e taxas supoñen así para a Facenda comunitaria unha porción mínima do total dos seus ingresos, o cal resulta aínda menos xustificado. En consecuencia, unha razón fundamental desta lei débese encontrar na necesidade de adecuar tales instrumentos financeiros, abrindo a posibilidade de que ocupen o lugar que lles corresponde na Facenda autonómica.

A presente lei ten tres aspectos que constitúen motivos claros para a súa promulgación. En primeiro lugar, restitúeselle ó concepto de prezo todo o que inxustificadamente viñese perdendo. Durante os últimos anos véuselle chamando taxa practicamente a calquera ingreso por contraprestación que obtivese unha entidade pública, esquecendo que a taxa non o é

tanto pola natureza da entidade perceptora coma pola coacción que lle é consubstancial.

Esta extensión fáctica das taxas, xunto coas cautelas e cos requisitos legais que comporta a súa modificación, provocou a maior parte das veces unha extrema rixidez na súa utilización que non lle convén en absoluto a unha Facenda moderna. Polo tanto, unha das pezas clave da lei consistirá en configurar instrumentos financeiros distintos da taxa, como son os prezos, que son de utilización máis flexible, aínda que, por suposto, non desprovista das garantías necesarias.

En segundo lugar, a lei leva a cabo unha tipificación das taxas nun dobre sentido. Primeiro, proponendo tan só tres categorías de taxas, coas súas modalidades, as cales lle deben dar cabida á multiplicidade de figuras actualmente existentes. Con isto deberase gañar en coherencia e sinxeleza.

Pero tamén o propósito tipificador ten que chegar ás tarifas. A actual multiplicidade de tarifas é estraña á natureza da taxa. Neste instrumento, cando se determina a tarifa, debe prevalecer un principio de equivalencia ou compensación, e o de capacidade económica cando as características do tributo o permitan. E se isto é así, non cabe, nin moito menos, a enorme disparidade de tarifas para un mesmo acto ou proceso administrativo que existe actualmente.

A terceira nota distintiva da lei consiste en separar claramente as decisións, digamos, de índole privada daquelas netamente públicas, de forma que as mesmas poidan efectuarse con coñecemento e responsabilidade.

Por isto, sempre que exista produción ou oferta pública dun ben ou servizo, deberá existir paralelamente un prezo de oferta que non ten por que coincidir co satisfeito polo consumidor, posto que entrambos se situará, precisamente, a decisión pública. Así, se o consumo do ben ou servizo en cuestión se entende que debe favorecerse ou, noutros termos, que o dito ben ten unha dimensión pública importante, entón deberase reduci-lo prezo que vaia pagalo consumidor, conseguindo un prezo político para o cal, inevitablemente, se deberían utilizar fondos públicos para cubri-la diferenza en forma de subvención.

Habitualmente, cando tal decisión se adopta, o único prezo que adoita manexarse é o satisfeito polo consumidor, difuminándose nos presupostos e contía do gasto público que, de feito, se está aplicando. Para a presente lei, polo contrario, o prezo de produción deberá resultar explícito, o cal permitirá valora-la eficacia da dita produción, e igualmente explícita a subvención.

Ás veces resulta paradoxal ve-lo conxunto de garantías formais que rodean o establecemento dunha

taxa como elementos de protección para os suxeitos pasivos, namentres que non existe protección fronte ó auténtico risco das ineficacias, posto que, se estas se producen, acabarán pagándoas ben directamente, a través da contía da taxa, ou ben indirectamente, a través da cobertura dos gastos xerais do presuposto.

En definitiva, pois, a normativa actual que regula os prezos e as taxas non define adecuadamente o papel destas institucións, facendo un uso desmesurado da denominación taxa, o cal, se ben comporta unha gran rixidez de regulación e xestión, non achega garantías fronte ás posibles ineficacias.

3

A diferenza da formulación actual, na cal a caracterización dos instrumentos financeiros se fai basicamente atendendo á natureza do perceptor, a súa configuración na presente lei lévase a cabo tendo en conta as características tanto da oferta coma da demanda, pois non se pode esquecer que o característico destas institucións é que constitúen contraprestacións como consecuencia dunha demanda efectuada polos suxeitos.

Así, no que se refire á demanda, esta distínguese segundo a súa orixe sexa voluntaria ou obrigatoria en virtude dalgunha norma legal. E, no que respecta á oferta, a distinción relevante é se se trata

dunha situación de concorrencia ou, polo contrario, dun monopolio legal. Atendendo ás características dun e doutro lado definirase cada institución.

O nivel de coacción máxima está ocupado pola taxa que se corresponde cunha situación de demanda obrigatoria e monopolio legal da oferta. No extremo oposto hai que situar os prezos privados, resultado de enfrontar unha demanda voluntaria cunha oferta concorrente.

A pesar de que hai casos en que a demanda é obrigatoria, a lei inclínase por cualificar de prezo privado toda situación na que exista concorrencia de oferta. Finalmente, se a demanda é voluntaria, pero se a oferta se leva a cabo a través dun monopolio legal, estaremos ante a gamma dos prezos públicos.

Independentemente das decisións en canto ó réxime de produción dun ben ou servizo determinado, decisión que adoitan incorporar valoracións doutros ámbitos ós aquí considerados, a actividade financeira pública frecuentemente pretende influír sobre a cantidade consumida de determinados bens ou servizos atendendo a motivos, digamos, de carácter público ou colectivo. Pois ben, sen que se deba renunciar á institución do prezo e, é máis, separando ámbalas decisións de natureza distinta, na presente lei créanse os instrumentos regulado-

res, exaccións ou subvencións, segundo sexa o signo ou resultado pretendido, mediante os cales se pode influír sobre o prezo público ou privado, segundo sexa o caso de determinados bens ou servicios. Deste xeito, os dous indicadores relevantes resultarán sempre explícitos, sen que a dimensión pública dun ben ou servicio poida constituír un factor de distorsión capaz de disimular simples ineficacias no proceso de produción.

O proxecto de lei, polo tanto, decídese por unha profunda e total revisión dos instrumentos financeiros actuais que cobren a área dos bens públicos individualizables. Para tal fin outórgase unha delegación lexislativa para que o Executivo poida efectuar unha adaptación das taxas vixentes ás normas e ós criterios da presente lei, o marco da cal facilitará, no sucesivo, unha notable simplificación desta área tributaria.

En definitiva, pois, o presente proxecto de lei non se limita a ofrecer unhas bases para a regulación das taxas, senón que ofrece un marco, uns criterios, que permitirán afrontar racionalmente e con eficacia o financiamento dos bens públicos individualizables, bens, como se sinalou, de especial relevancia en toda Facenda moderna, especialmente se, como é o caso, se trata da Facenda dunha Comunidade Autónoma.

Por outra parte, con este proxecto de lei incorpórase á lexisla-

ción da Comunidade Autónoma de Galicia a nova configuración xurídica das taxas establecidas pola Lei orgánica 1/1989, do 13 de abril, pola que se lles dá nova redacción ós artigos 4.1 e 7.1 e 2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título I

Disposicións xerais

Artigo 1. Contido da lei.

A presente lei regula os aspectos financeiros da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia en canto a dita actividade pretende determinar ou influír no consumo ou na utilización de certos bens ou servicios individualizables. Para estes efectos entenderase que o consumo dun ben ou servicio é individualizable cando exista unha demanda definida do mesmo, tanto se esta é de carácter voluntario como se ten a súa orixe nunha obriga legal.

Artigo 2. Tipo de instrumentos.

1. Nesta lei desenvólvense dous tipos de instrumentos:

a) Os instrumentos financeiros, que son as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servicios demandados polos suxeitos. Son instrumentos de tipo financeiro os prezos e as taxas.

b) Os instrumentos reguladores, que son os medios utilizables para altera-los prezos daqueles bens ou servicios ofrecidos polos órganos, entes e organismos ós que se refire o número 2 deste artigo. Son instrumentos reguladores a exacción e a subvención reguladora.

2. Estes instrumentos poderán ser aplicados polos órganos da Administración, os entes e os organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Réxime presupostario e aplicación obrigatoria.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na presente lei e percibidos polos órganos da Administración, entes e organismos autónomos estarán destinados a satisfacer o conxunto das súas obrigas respectivas, agás que excepcionalmente e por medio de lei se estableza a súa afectación para fins determinados.

O rendemento proveniente dos mesmos aplicarase integramente ó presuposto de ingresos que corresponde e o seu ingreso deberá realizarse nas caixas do Tesouro da

Facenda galega ou, a través de entidades financeiras colaboradoras, nas contas autorizadas pola Consellería de Economía e Facenda.

Cando os órganos da Administración, entes e organismos autónomos presten bens ou servicios para os que exista demanda, deberanse aplicar os instrumentos financeiros que sexan utilizables de acordo coas normas da presente lei.

Para este fin, todo proxecto de creación dunha entidade ou incluso de oferta dun novo ben ou servicio, independentemente doutros requisitos, deberá ir acompañado dunha memoria económica elaborada pola Consellería correspondente na que, ademais de valorala conveniencia do proxecto, se propoñerán os instrumentos financeiros que, se é o caso, sexan aplicables. Idéntico procedemento esixirase para os supostos de modificación de tarifas. Sobre o dito estudio emitirá informe a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 4. Responsabilidades.

As autoridades, os funcionarios públicos, os axentes ou asimilados que de forma voluntaria e culpable esixan indebidamente unha taxa ou prezo ou que o fagan en contía superior á establecida incorrerán en falta disciplinaria moi grave, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen derivarse da súa actuación.

Cando adopten na mesma forma resolucíons ou realicen actos que infrinxan a presente lei e as demais normas que regulamentan esta materia, estarán obrigados, ademais, a indemnizar á Facenda pública polos prexuízos causados.

Título II

Instrumentos financeiros

Capítulo I

Prezos privados

Artigo 5. Concepto.

Son prezos privados as contraprestacións que obteñan os órganos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia da cesión ou do alleamento de bens ou da prestación de servizos sempre que exista oferta privada concorrente.

Entenderase satisfeito este último requisito cando non haxa impedimento legal para acceder como oferente ó mercado de que se trate.

Artigo 6. Fixación.

Os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da de Economía e Facenda, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que operen, sen prexuízo de que excepcionalmente se poidan aplicar subvencións reguladoras. Os ditos prezos serán publicados no *Diario Oficial*

de Galicia.

Artigo 7. Xestión.

Os órganos da Administración, entes e organismos autónomos que perciban prezos privados deberán:

a) Levar rexistros separados de ingresos e gastos, de forma que resulte posible a súa determinación tanto conxuntamente coma polo tipo de ben ou servizo producido.

b) Poñer en coñecemento do órgano da Administración da Comunidade do que dependan calquera situación económica adversa que provoque un desequilibrio presupostario da súa xestión.

c) En todo caso, as entidades ás que se refire este artigo someteranse regularmente ás auditorías que correspondan.

Artigo 8. Réxime xurídico.

Os actos, os negocios e, en xeral, as relacións xurídicas que se deriven das actuacións económicas das entidades oferentes que teñan unha contraprestación que deba de cualificarse como prezo privado de acordo co artigo 5 rexeranse polas normas do ordenamento xurídico privado que resulten aplicables.

Capítulo II

Prezos públicos

Artigo 9. Concepto.

1. Son prezos públicos as contraprestacións percibidas por órga-

nos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia:

a) Da subministración en réxime de monopolio de oferta legalmente establecido de bens ou servicios demandados voluntariamente polos suxeitos.

b) Da utilización privativa ou do aproveitamento especial dos bens de dominio público.

2. Para os efectos do disposto no número anterior non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

a) Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

b) Cando constituía condición previa para realizar calquera actividade ou obter dereitos ou efectos xurídicos determinados.

3. En calquera caso, e baseándose na súa consideración de servicios públicos fundamentais, as contraprestacións en concepto de prezos percibidas por sanidade, educación e servicios sociais terán o carácter de públicas para os efectos desta lei.

Artigo 10. Normativa aplicable.

En todo o non previsto na presente lei os prezos públicos obxec-to da mesma regularanse polo disposto na Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia e polas demais normas que resulten aplicables.

Artigo 11. Contía dos prezos públicos.

1. Os prezos públicos fixaranse na contía que cubra como mínimo os custos económicos derivados do servicio ou das actividades prestadas ou que resulte equivalente á utilidade derivada da utilización privativa ou do aproveitamento especial do dominio público.

Neste último caso tomarase ademais como referencia o correspondente valor de mercado.

2. Cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, poderán sinalarse prezos públicos en contía inferior á indicada no punto anterior, logo da adopción das previsións presupostarias precisas para a cobertura da parte de custo subvencionada.

3. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leven apareladas unha destrución ou deterioración do dominio público non previstas na memoria económico-financeira, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento do prezo público ó que dese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación. Se os danos fosen irreparables, a indemnización consistirá nunha contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe da deterioración dos danados.

Artigo 12. Fixación de prezos públicos.

1. Os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da Consellería da que dependa o órgano ou a entidade oferente. A dita proposta incluírá necesariamente unha memoria económica que deberá conter como mínimo o seguinte:

a) Información suficiente verbo do custo de prestación dos bens ou servicios de que se trate, da utilidade estimada ou dos custos orixinados no suposto da utilización ou aproveitamento do dominio público.

b) Xustificación da política de prezos proposta, a cal deberá en todo caso resultar suficiente para cubri-los custos totais, sen prexuízo da posible subvención reguladora correspondente.

2. Sobre a proposta a que se refire o número anterior deberá emitir informe favorable a Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 13. Xestión.

1. A xestión dos prezos públicos correspóndelles ós órganos da Administración, entes e organismos autónomos perceptores dos mesmos, quedando así mesmo sometidos ás obrigas establecidas no artigo 7 da presente lei.

2. Os ingresos derivados de prezos públicos estarán sometidos ó réxime presupostario da entidade perceptora.

3. Os prezos públicos poderán esixirse desde que se efectúe a

entrega dos bens, se conceda a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público ou se inicie a prestación de servicios que xustifican a súa esixencia.

Tamén poderá esixirse a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos na forma que, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, se determine regulamentariamente.

4. O pagamento dos prezos públicos realizarase en efectivo ou mediante emprego de efectos timbrados ou outros instrumentos de pagamento que autorice a Consellería de Economía e Facenda.

5. A Consellería de Economía e Facenda, logo de solicitude do obrigado ó pagamento, poderá conceder-lo pagamento aprazado ou fraccionado do prezo público na forma e cos requisitos e coas garantías que se establezan regulamentariamente.

6. As débedas por prezos públicos poderanse esixir mediante o procedemento administrativo de constrinximento, cando transcorresen seis meses desde o seu vencemento sen que se puidese conseguirlo seu cobro.

7. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento por prezo, non se realice a actividade, non teña lugar a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público ou non se

preste o servizo, procederá a devolución do importe que corresponda.

Artigo 14. Reclamacións e recursos.

Contra os actos de xestión poderase recorrer na vía económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo de Galicia, sen prexuízo do dereito a interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto. A resolución das reclamacións económico-administrativas esgotará a vía administrativa e poderá ser, en todo caso, obxecto de recurso contencioso-administrativo.

Capítulo III

Taxas

Sección 1.^a

Normas xerais

Artigo 15. Concepto.

Son taxas os tributos creados por lei e percibidos polos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia como contraprestación pola entrega de bens ou pola prestación de servizos que só poden subministralas ditas entidades e a demanda ou recepción dos cales se produce en virtude dunha obriga legalmente establecida.

Artigo 16. Normativa aplicable.

As taxas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas normas da presente lei, polas disposicións legais de cada taxa e polas normas regulamentarias dadas en desenvolvemento das mesmas, pola Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia e, no seu defecto, pola Lei xeral tributaria e demais disposicións xerais en materia tributaria en canto resulten aplicables.

Artigo 17. Principio de capacidade económica.

En canto á fixación das taxas, terase en conta a capacidade económica do suxeito pasivo cando as características do tributo o permitan.

Artigo 18. Reserva de lei.

O establecemento das taxas e a regulación dos seus elementos esenciais faranse mediante lei. A aplicación dunha taxa establecida a supostos concretos de venda de bens, realización de actividades ou prestación de servizos poderase facer na Lei de presupostos de cada ano.

Así mesmo, na dita lei poderanse modificar e actualizar as tarifas correspondentes ás taxas vixentes.

Non se poderán establecer nin percibir taxas que non sexan consecuencia da subministración ou da prestación dalgún ben ou servizo.

Artigo 19. Clases de taxas.

1. Pola presente lei establécense as taxas seguintes:

a) A taxa por servicios administrativos.

b) A taxa por servicios profesionais.

c) A taxa por venda de bens.

2. Cando as actuacións solicitadas ou que se realicen acerca dun mesmo suxeito pasivo comporten a prestación de servicios diversos, deberánse aplicar tódalas taxas e modalidades que correspondan.

Así mesmo, a aplicación dunha taxa que lle autorice ou permita unha actividade ó suxeito pasivo non impedirá ou subsumirá a do prezo público que, de acordo coas normas desta lei, puidese implicar-lo exercicio efectivo da actividade autorizada.

Artigo 20. Exencións e bonificacións.

1. Poderán gozar de exención das taxas o Estado, a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os demais entes públicos ou institucionais.

2. Cando así o determine unha norma con rango de lei, gozarán de exención ou bonificación os demais suxeitos pasivos en función das características do feito imponible ou da condición dos mesmos.

Artigo 21. Contía das taxas.

1. O rendemento total previsible da taxa non excederá do custo total de produción do ben ou do servico prestado. Así mesmo, a tarifa determinarase atendendo ó custo medio previsto para a prestación do ben ou do servico de que se trate. Noutro caso, deberase sinalala correspondente subvención reguladora.

2. As tarifas así establecidas revisarase como mínimo cada cinco anos, baseándose nos rexistros de gastos e ingresos e na correspondente memoria económico-financieira sobre o custo e a actividade realizada. Non obstante, estas tarifas poderán ser obxecto de actualización anual na Lei de presupostos en función de índices representativos da depreciación monetaria.

3. Cando se decidan consumos obrigatorios que, potencialmente polo menos, afecten a tódolos cidadáns, as taxas que paralelamente se fixen poderán tomar en conta a capacidade económica dos suxeitos demandantes.

4. A cota tributaria poderá consistir nunha cantidade fixa sinalada para o efecto ou determinarase por aplicación dun tipo de gravame sobre a base imponible ou establecerase conxuntamente.

Artigo 22. Devengo.

1. As taxas devengarase segundo a natureza do feito imponible:

a) Cando se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixilo seu depósito previo.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non será realizada ou tramitada sen que se efectúe o pagamento correspondente.

2. Cando as taxas se devenguen periodicamente, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán publicarse as sucesivas liquidacións mediante anuncios no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23. Pagamento.

1. O pagamento das taxas poderase esixir ben en calquera momento entre a solicitude e o devengo ou ben no momento da solicitude cando esta coincida co devengo.

2. A Administración ou a entidade oferente denegará a entrega do ben ou a prestación do servizo cando o suxeito pasivo incumpra o pagamento. Así mesmo devolverá as cantidades que percíbese cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, non se levase a cabo a cesión do ben ou a prestación do servizo solicitado.

3. O pagamento das taxas efectuarase mediante ingreso no Tesouro da Facenda galega, de acordo coas modalidades que regulamentariamente se establezan.

4. Poderá igualmente autorizarse o pagamento das taxas mediante o emprego de efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. O pagamento das taxas poderá aprazarse ou fraccionarse na forma e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Artigo 24. Xestión.

1. Con carácter xeral a xestión e liquidación de cada taxa corresponderalles ós órganos da Administración, entes ou organismos autónomos que subministren o ben ou servizo demandado.

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección financeira e tributaria, así como as relativas ós procedementos de recadación, correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda. Regulamentariamente e por proposta da dita Consellería poderase establecer a participación dos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos que presten o servizo nos procedementos de recadación das taxas.

3. Regulamentariamente, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, determinaranse os supostos nos que de forma obrigatoria os suxeitos pasivos deberán practicala operación de autoliquidación das taxas e o conseqüente ingreso no Tesouro da

Facenda galega.

4. Toda institución ou entidade pública que subministre bens ou servicios e perciba taxas virá obrigada a levar rexistros separados tanto dos gastos en que incorra na subministración de tales bens ou servicios coma dos ingresos obtidos polas taxas.

Artigo 25. Responsables.

A normativa legal reguladora de cada taxa poderá sinalala responsabilidade solidaria ou subsidiaria daquelas persoas físicas ou xurídicas que, distintas do suxeito pasivo, estean interesadas ou relacionadas coa prestación do servicio ou coa realización da actividade de que se trate.

Artigo 26. Reclamacións e recursos.

1. Os actos de xestión das taxas da Comunidade Autónoma serán recorribles en reposición con carácter potestativo ante o órgano que dictou o acto.

2. Contra a resolución do recurso de reposición ou contra os actos de xestión, se non se interpuxo aquel, poderase recorrer ante o Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, as resolucións do cal esgotan a vía económico-administrativa.

Artigo 27. Prescrición e réxime sancionador.

En todo o relativo a prescrición,

infraccións e sancións rexerán as disposicións enunciadas no artigo 16 que sexan aplicables por razón da materia.

Sección 2.^a

Taxa por servicios administrativos

Artigo 28. Ámbito obxectivo.

A taxa por servicios administrativos poderase aplicar pola prestación dos servicios indicados a continuación en cada unha das modalidades seguintes:

a) Modalidade de autorizacións. Pola concesión de autorizacións, permisos, licencias, guías, expedición de títulos, dilixenciado de libros e, en xeral, documentos que faculten ó suxeito pasivo para a realización dunha actividade sometida legalmente á dita condición previa.

b) Modalidade de rexistro. Pola inscrición en rexistros, matrículas ou relacións mantidas pola Administración en tanto resulte obrigado para o desenvolvemento dunha actividade ou o exercicio dun dereito por parte do suxeito pasivo.

c) Modalidade de certificacións. Pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos.

Artigo 29. Feito imponible.

Constitúe o feito impositivo da taxa por servizos administrativos a prestación por parte da Administración do servizo solicitado polo suxeito pasivo.

Artigo 30. Suxeito pasivo.

1. É suxeito pasivo da taxa por servizos administrativos, e queda polo tanto obrigado ó pagamento da mesma, a persoa física ou xurídica que solicite a prestación.

2. Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

Artigo 31. Tarifas.

As tarifas da taxa por servizos administrativos estableceranse segundo o custo medio de cada autorización ou documento expedido na modalidade de autorizacións, por inscrición realizada na modalidade de rexistros e por certificacións ou documento similar na modalidade de certificacións.

En cada caso en que se decida a aplicación da taxa por servizos administrativos, ademais do servizo sometido, deberase especificar a modalidade e a tarifa aplicable.

Sección 3.^a

Taxa por servizos profesionais

Artigo 32. Concepto.

Taxa por servizos profesionais é a contraprestación percibida pola Administración pública polos servizos prestados, logo da solicitude do suxeito pasivo, por profesionais facultativos que traballen ó servizo daquela.

Artigo 33. Ámbito obxectivo.

A taxa por servizos profesionais será aplicable nas modalidades e nos servizos que a continuación se indican:

a) Modalidade de actuacións profesionais. Nos servizos de asesoramento, consulta, dirección técnica de obras, emisión de informes, análises, dictames ou opinións profesionais e, en xeral, nas actividades que esixen a cualificación que ten o profesional que as presta.

b) Modalidade de actuacións administrativo-facultativas. Nos servizos administrativos, análogos ós sometidos á taxa por servizos administrativos, cando a súa prestación require que se leve a cabo baixo a dirección dun profesional facultativo.

Artigo 34. Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo da taxa por servizos profesionais a prestación por parte da Administración pública dos servizos que dan orixe á mesma.

Artigo 35. Suxeito pasivo.

1. É suxeito pasivo da taxa por servizos profesionais a persoa, física ou xurídica, que solicite o

servicio prestado e, se é o caso, os entes carentes de personalidade xurídica a que se refire o artigo 30.2 da presente lei.

2. Na disposición legal reguladora de cada taxa poderanse establecer substitutos do contribuínte coa condición de suxeitos pasivos se as características do feito imponible o aconsellan.

Artigo 36. Tarifas.

As tarifas da taxa por servizos profesionais estableceranse atendendo ás súas modalidades nos seguintes termos:

a) Modalidade de actuacións profesionais. As tarifas determinaranse en función do custo de cada actuación profesional.

b) Modalidade de actuacións administrativo-facultativas. As tarifas aplicables serán as que correspondan pola taxa por servizos administrativos incrementada no custo das actuacións facultativas.

Sección 4.^a

Taxa sobre a venda de bens

Artigo 37. Ámbito obxectivo.

Poderase aplica-la taxa sobre a venda de bens nos casos en que a Administración lles subministre, en réxime de monopolio, bens ós suxeitos pasivos demandados por

estes como consecuencia dun mandato legal.

Artigo 38. Feito imponible.

Constitúe feito imponible da taxa sobre a venda de bens a entrega por parte da Administración dos bens solicitados.

No caso de que se produzan entregas parciais, o feito imponible entenderase producido en cada unha delas por cada unidade subministrada.

Artigo 39. Suxeito pasivo.

É suxeito pasivo da taxa sobre a venda de bens a persoa natural ou xurídica e, se é o caso, os entes mencionados no artigo 30.2 solicitantes do ben en cuestión e no beneficio dos cales se fai a entrega.

Artigo 40. Tarifas.

As tarifas da taxa sobre a venda de bens determinaranse por unidades do ben subministrado e a súa contía establecerase en cada caso.

Título III

Instrumentos reguladores

Artigo 41. Concepto.

1. Son instrumentos reguladores as exaccións ou, se é o caso, as subvencións utilizadas co obxecto de influír sobre o consumo de determinados bens ou servizos.

2. A aplicación dunha exacción

reguladora determinará un prezo para o consumidor ou usuario superior ó importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate. Polo contrario, a utilización dunha subvención reguladora permitirá aplicarles ós consumidores prezos ou tarifas inferiores ó custo de produción dos bens ou servizos.

Artigo 42. Establecemento de instrumentos reguladores.

1. O establecemento de calquera exacción ou subvención reguladora deberase facer mediante norma con rango de lei. Na lei de creación das exaccións reguladoras recolleanse os elementos esenciais das mesmas así como a finalidade de intervención que se pretende.

2. Na Lei de presupostos de cada ano poderanse modificar os elementos determinantes da contía das exaccións reguladoras sempre que non se altere o seu propósito ou natureza. Nesta mesma lei ofrecerase información global respecto das compensacións ou subvencións que puidesen levar parella a venda de bens e prestación de servizos cando o oferente sexa un órgano da Administración, ente ou organismo autónomo ós que lle son aplicables os instrumentos regulados na presente lei.

Artigo 43. Reclamacións e recursos.

As exaccións reguladoras teñen natureza tributaria e, en

consecuencia, os actos administrativos derivados da súa aplicación serán recorribles en vía económico-administrativa como previa á interposición, se é o caso, dos recursos contencioso-administrativos.

Disposición adicional primeira

1. Créase o Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, como único órgano colexiado competente no ámbito da Comunidade Autónoma para a resolución dos recursos e das reclamacións de natureza económico-administrativa, tanto se neles se suscitan cuestións de feito coma de dereito e que se deduzan sobre as seguintes materias:

a) A xestión, inspección e recadación dos tributos propios da Facenda da Comunidade e, en xeral, de tódolos ingresos de dereito público que lle correspondan á mesma.

b) O recoñecemento ou a liquidación por autoridades ou organismos da Consellería de Economía e Facenda de obrigas do Tesouro e da Facenda galega e as cuestións relacionadas coas operacións de pagamento polos ditos órganos con cargo ó mesmo.

c) Calquera outra respecto da que por precepto legal expreso así se declare.

2. O Tribunal a que se refire o número anterior quedará adscrito á

Consellería de Economía e Facenda e terá a súa sede na dos órganos centrais da mesma.

3. Autorízase ó Consello da Xunta para que, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, dicte as disposicións regulamentarias necesarias sobre a súa organización, competencias, composición e funcionamento.

4. O prazo para a súa plena regulamentación e aprobación polo Consello da Xunta será de seis meses, contados a partir da publicación da presente lei no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional segunda

Autorízase ó Consello da Xunta para crear efectos timbrados da Xunta, destinados ó pagamento dos prezos e das taxas que constitúan tributos propios da Xunta e a regulamenta-la súa utilización.

Disposición adicional terceira

Modifícase o artigo 10 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia, que quedará redactado da seguinte maneira:

«A Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia está constituída por:

1.— Os rendementos dos impostos que establece a Comunidade Autónoma.

2.— Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado.

3.— Unha porcentaxe da parti-

cipación na recadación total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.

4.— Os rendementos das súas propias taxas e prezos.

5.— As contribucións especiais que estableza a Comunidade no exercicio das súas competencias.

6.— Os recargos sobre impostos estatais.

7.— Outras asignacións con cargo ós presupostos xerais do Estado.

8.— O produto da emisión de débeda e do recurso ó crédito.

9.— Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

10.— Os ingresos de dereito privado, legados, doazóns e subvencións.

11.— As multas e sancións no ámbito da súa competencia.

12.— Se é o caso, as participacións que se establezan polas leis nos ingresos por tributos do Estado para recupera-los custos producidos por actividades contaminantes e xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia.

13.— Calquera outro recurso, independentemente da súa natureza ou finalidade.»

Disposición transitoria primeira

Os instrumentos financeiros que correspondan a servicios que, nun futuro, lle transfira o Estado á Comunidade Autónoma adecuaranse á presente lei a medida que se produzan as ditas transferencias.

Disposición transitoria segunda

En tanto non se dicte o decreto lexislativo ó que fai referencia a disposición derradeira primeira, punto 1, as taxas actuais seguiranse aplicando de acordo coas súas normas reguladoras.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ó establecido pola presente lei.

Disposición derradeira primeira

1. De acordo co artigo 10 do Estatuto de autonomía para Galicia, delégase na Xunta a potestade para que antes de transcorridos seis meses a partir da publicación da presente lei no *Diario Oficial de Galicia*, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, elabore un decreto lexislativo que conteña o texto articulado das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os preceptos contidos no capítulo III do título II desta lei terán, para os efectos do artigo 82 da Constitución, o carácter de bases para a regulación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A Xunta, así que faga uso da delegación prevista no número 1 desta disposición, dirixiralle ó Parlamento a correspondente comunicación contendo o texto articulado obxecto daquela.

4. O Parlamento de Galicia exercerá o control da lexislación delegada conforme ó previsto no artigo 146 do seu regulamento.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó día da súa publicación.

Disposición derradeira terceira

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente as normas da presente lei dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente